



EXPEDIENTE 2022/E001/000019. BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DE TRES PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO OPERARIOS/AS DE OBRAS E SERVIZOS CORRESPONDENTES Á OEP EXTRAORDINARIA 2022, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

PRIMEIRA. OBXECTO DAS PRESENTES BASES.

É obxecto da presente a aprobación da convocatoria e regulación das bases específicas que rexerán no proceso selectivo de estabilización para a cobertura en propiedade, contratación laboral fixa a xornada completa, de tres (3) prazas de persoal laboral fixo operario/a de obras e servizos, grupo V correspondentes á OEP 2022, a través de procedemento de concurso-oposición por quenda libre, publicada no BOP da Coruña n.º 101, do 30 de maio do 2022.

As retribucións serán as correspondentes determinadas pola RPT en vigor para o posto de operario. A xornada laboral será de 37,5 horas semanais en cómputo anual, cos descansos establecidos legalmente.

Dependendo das especialidades do servizo de adscrición (obras, mantemento, servizo de medio ambiente e outros) as funcións xerais a desempeñar serán as seguintes:

- Tarefas de mantemento e conservación (albanelería, mecánica, pintura, xardinería) das instalacións municipais e mobiliario público baixo supervisión.
- Bacheado de camiño baixo supervisión.
- Reformas e pequenas construcións municipais baixo supervisión.
- Manexo de maquinaria lixeira.
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

SEGUNDA. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para a admisión á realización das probas selectivas, será necesario reunir as seguintes condicións, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación e conservalos ata a data de nomeamento como funcionario ou persoal laboral fixo:

- a) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TREBEP, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Titulación: Estudos primarios ou titulación equivalente, correspondente ao grupo profesional V do Convenio de persoal laboral do Concello de Boqueixón, habilitante para o acceso a postos encadrados no grupo V. (ou ter finalizados os estudos e abonados os dereitos para a súa obtención).
- d) Capacidade: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar. (anexo I)



- e) **Habilitación:** non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou Organismos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial firme, para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso ao emprego público. (anexo I)
- f) **Carné de condución:** Estar en posesión do carné de conducir B.
- g) **Posuír o título/ certificado acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 2 ou equivalente ou superior.** Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento e deberán indicalo no Anexo I.
- a) **Pago da taxa de participación no proceso selectivo segundo o establecido na base segunda das bases xerais deste proceso selectivo.**
- h) **Anexo I (modelo oficial de solicitude de participación e declaracións).**
- i) **Anexo II (autobaremo)**

TERCEIRA. INSTANCIAS.

A presentación de instancias rexerase polo establecido na base terceira das bases xerais.

CUARTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rexerase polo establecido nas Bases xerais.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Rexerase no non establecido nas presentes bases polo establecido nas Bases xerais.

SEXTA. CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO. DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN.

6.1 FASE DE OPOSICIÓN (60% do proceso selectivo). Eliminatorio.

A fase de oposición terá carácter previo á de concurso e consistirá na realización dos seguintes exercicios segundo o establecido nas Bases xerais, que deberán celebrarse no prazo de 3 meses dende a publicación das presentes bases:

1º Exercicio: Exame práctico (obrigatorio e eliminatorio) cualificable de 0 a 60 puntos, sendo necesario acadar 30 puntos para superalo.

Consistirá na realización dunha proba de capacitación relacionada coas funcións e nivel de dificultade propias das prazas convocadas, na que os aspirantes desenvolverán unha ou varias probas de capacitación previstas polo Tribunal (podendo incluso realizarse en varias xornadas). A duración do exercicio non superará as tres horas no suposto dunha única proba de



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

capacitación nunha xornada e, de 6 horas en total, no suposto de realización de dúas probas en mais dunha xornada.

A proba de capacitación poderá consistir, entre outras similares deseñadas polo Tribunal, na realización de algunha/s pequena obra/reparación/s, manexo de vehículos propios do servizo; manexo dos vehículos e maquinaria propios para a roza de cunetas; manexo/montaxe de pezas e ou instrumentos propios do servizo de obras, medio ambiente, electricidade básica, utilización de EPI's e similares. O tribunal determinará, con carácter previo á realización deste exercicio, os criterios de avaliación do mesmo, poñéndoo en coñecemento dos aspirantes mediante publicación no taboleiro de novas do Concello.

2º Exercicio: Exame de lingua galega (obligatorio e eliminatorio), cualificable como apto/non apto.

Previamente á valoración dos méritos, deberase realizar unha proba de coñecemento da lingua galega, á que concorrerán aqueles aspirantes que non tivesen achegado canda a solicitude certificado acreditativo do nivel CELGA 2. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

A proba de coñecemento da lingua galega consistirá nunha tradución escrita dun texto en lingua castelá á lingua galega, durante un tempo máximo de 30 minutos. O texto a traducir terá un máximo de 100 palabras e considerárase non apto segundo os criterios do tribunal, publicados, como mínimo, 24 horas antes da realización da proba no taboleiro de anuncios do Concello. Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico.

Deberan realizar esta proba aquelas/es aspirantes que non presenten, no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate, certificado de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego CELGA 2 esixido, expedido por organismo oficial para tal efecto, ou título acreditativo expedido por entidade académica. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación en dito proceso selectivo esta circunstancia.

6.2 FASE DE CONCURSO (40% do proceso selectivo). Carácter non eliminatorio. Baremo de méritos.

Aqueles aspirantes que superen a fase de oposición, pasarán á fase de concurso, que se determinará polo establecido ao respecto tanto nas Bases xerais como polo baremo específico de seguido determinado.

A/o aspirante deberá aportar xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados o autobaremo establecido nesta convocatoria específica (Anexo II). Aqueles aspirantes que non presenten o autobaremo xunto coa documentación acreditativa no prazo de presentación de instancias ou no de emenda, serán excluídos posto que é un requisito.

A puntuación máxima posible nesta fase de concurso é de 40 puntos.

BAREMO DE MÉRITOS dos Grupos laborais oficios (V)

A. FORMACIÓN ACADÉMICA (ata un máximo de 5 puntos)



Unicamente serán valorados aqueles méritos formativos realizados por centros homologados, colexios profesionais, sindicatos, administracións públicas e similares acreditados oficialmente. No suposto de non figurar o número de horas lectivas os títulos non serán baremados.

a.1) FORMACIÓN: formación directamente relacionada coas competencias profesionais da praza de operario relativas a competencias de albanelaría, xardinería, fontanería, mecánica, electricidade, en condución de maquinaria lixeira, vehículos tipo 3 e similares a valorar polo tribunal.

Puntuación máxima a acadar: 2 puntos.

Valorarase 1 punto por curso.

a.2) FORMACIÓN TRANSVERSAL: formación relacionada co posto como pode ser accidentes de tránsito, extinción de incendios, prevención de riscos laborais e similares a valorar polo tribunal.

Puntuación máxima a acadar: 2 puntos.

Valorarase 1 punto por curso.

a.3) Por posesión de CARNÉ DE CONDUCCIÓN DE MAIOR NIVEL QUE O B establecido como requisito de acceso: carné B+E: 0,5 punto, carné C, C1 ou CAP: 1 punto (unicamente valorarase o de maior nivel).

Puntuación máxima a acadar: 1 punto.

B. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 35 puntos)

As puntuacións de cada apartado do epígrafe de experiencia laboral son independentes e ningún caso poderá acadarse coa suma dos distintos apartados unha puntuación superior ao máximo de 35 puntos establecido.

Servizos prestados como operario de obras/servicio/mantemento ou prazas similares con un contido funcional análogo ao da convocatoria en calquera das distintas categorías.

b.1: Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais como operario de obras/servicio/mantemento: 0,50 puntos por cada mes acreditado.

b.2: Por experiencia profesional en Administracións Públicas Locais en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,45 puntos por cada mes acreditado.

b.3: Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas como operario de obras/servicio/mantemento: 0,30 puntos por cada mes acreditado.

b.4: Por experiencia profesional noutras Administracións Públicas en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,20 puntos por cada mes acreditado.

b.5: Por experiencia profesional no sector privado como operario de obras/servicio/mantemento: 0,10 puntos por cada mes acreditado.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

b.6: Por experiencia profesional no sector privado en prazas similares á que se convoca con contido funcional análogo: 0,05 puntos por cada mes acreditado.

O Tribunal elaborará unha listaxe das puntuacións outorgadas aos aspirantes nesta fase de concurso, que se fará pública no taboleiro de de anuncios da sede electrónica e na web municipal, durante un prazo de 5 días hábiles para posibilitar a presentación de alegacións/reclamacións das/os aspirantes. Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as posibles alegacións e no caso de non existir, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso proseguindo o proceso, sen prexuízo dos recursos que procedan a criterio e mellor defensa dos intereses das/os aspirantes.

A puntuación obtida na fase de concurso, de carácter non eliminatorio, non servirá para a superación de ningún exercicio da fase de oposición.

SÉTIMA.CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA CONTRATACIÓN

A puntuación final das probas selectivas, aos efectos de ordenación de aspirantes na relación de aprobados virá determinada pola suma total das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición mais a puntuación obtida na fase de concurso.

A puntuación final de cada aspirante virá dada pola suma total da puntuación dos diferentes apartados. No suposto de empate na puntuación final, a orde de desempate establecerase atendendo:

en primeiro lugar, á maior puntuación acadada no apartado a.1) dentro dos máximos marcados.

en segundo lugar, á maior puntuación acadada no apartado a.2) dentro dos máximos marcados

e por último ó maior tempo de permanencia no posto convocado ou similares na entidade local convocante.

O Tribunal non poderá declarar que supera o proceso selectivo un número superior de aspirantes que o número de prazas convocadas (tres).

OITAVA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E EFECTIVA CONTRATACIÓN

Estarase ao establecido nas bases xerais.

NOVENA. NORMA FINAL, LEGISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así coma as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados consonte ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC en diante), podendo interpoñer, indistintamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, consonte ao artigo 123 LPAC ou, no seu caso, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses dende a devandita publicación, consonte ao artigo 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es
CIF: P-1501200-H

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 13 de xuño.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Dalmiro Núñez Méndez, secretario- interventor